



INFORME INSUFICIENCIA MEDIOS.-

O artigo 106.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece que é competencia das Entidades Locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado.

Pois ben, para levar a cabo a xestión e recadación dos tributos é necesario notificar aos obrigados ao pago as liquidacións tributarias, remitir os documentos de ingreso dos recibos, notificar actos de procedementos de xestión tributaria e recadatoria, etc.

A prestación deste servizo esixe dispor de maquinaria específica así como de recursos humanos suficientes, e non dispendo o Concello de Ferrol dos medios para levar a cabo este servizo, faise necesario licitar un novo procedemento para a súa contratación cunha empresa externa suficientemente especializada e cualificada que posibilite prestar o servizo coa maior eficacia posible.

Ferrol na data da sinatura dixital